

damental para facilitar as comunicacións entre as dúas marxes da ría e entre Santiago de Compostela e a marxe sur daquela, comunicación esta última, de especial importancia en época estival.

A xustificación da urxencia da ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución do proxecto de trazado da conexión do corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos (Noia), de clave AC/09/112.01 vén motivada, ademais de pola necesidade de mellora da seguridade viaria, pola conveniencia de afrontar de maneira urxente a construción dunha infraestrutura que se considera de vital importancia para a potenciación e promoción dos recursos económicos dos concellos da zona. Esta motivación cobra máis importancia se temos en conta que o proxecto supón darlles continuidade ás obras do corredor Brión-Noia, que presentan actualmente un importante grao de execución.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia a teor do previsto no artigo segundo do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas.

En virtude de todo o exposto, e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa en relación co previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e catro de setembro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios, e que se concretan no expediente administrativo instruído, así como en calquera das modificacións que sexa necesario realizar para a súa execución, para os efectos de expropiación, no proxecto de trazado da conexión do corredor Brión-Noia coa estrada AC-550 en Taramancos (Noia), de clave AC/09/112.01.

Lugo, vinte e catro de setembro de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 6 de outubro de 2009 pola que se establecen os domingos e festivos nos que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2010.

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia (DOG do 28 de decembro)

determina no seu artigo 5 que os domingos e días festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, de oito ao ano. O tempo máximo entre a apertura e o pechamento en domingos e días festivos autorizados será de doce horas.

O artigo 6 do mesmo texto legal sinala que os domingos e festivos de apertura serán determinados para cada período anual mediante orde da consellería que posúa as competencias en materia de comercio, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* antes do 15 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, logo da consulta ás asociacións de consumidores máis representativas con implantación en toda a comunidade, ao Consello Galego de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e ás demais organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas de Galicia.

Con independencia do establecido na liña anterior e co obxectivo de protexer os intereses comerciais nos diferentes concellos, así que fosen publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as datas ás que fai referencia este artigo, calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación da dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada e realizarse antes do 15 de novembro, tendo que se presentar acompañada dos informes emitidos pola cámara de comercio, industria e navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas. A consellería resolverá no prazo de quince días, contados desde a presentación da solicitude. De transcorrer o devandito prazo sen resolución expresa, considerarase estimada a petición. Con anterioridade ao 15 de decembro serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* os cambios que se tivesen aprobados.

A Consellería de Economía e Industria ten competencia en materia de comercio de acordo co disposto no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

En aplicación dos citados preceptos, logo de consulta efectuada aos axentes socioeconómicos determinados pola lei, e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consumidores, procédese á fixación dos 8 domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 2010.

Polo tanto, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único.-Os domingos e festivos nos que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias durante o ano 2010 son:

3 de xaneiro

10 de xaneiro

1 de abril

4 de xullo

5 de decembro

12 de decembro

19 de decembro

26 de decembro

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

Resolución do 23 de setembro de 2009 pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 4 de febreiro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria, para o ano 2009, de subvencións a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial, en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego.

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 18 da orde reguladora, procédese á publicación das subvencións concedidas por resolución do conselleiro de Economía e Industria, relacionadas no anexo.

Norma reguladora: Orde do 4 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria, para o ano 2009, de subvencións a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial, en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego (IN216A).

Finalidade da subvención: abandono da actividade comercial.

Crédito orzamentario: 1.000.000 €.

Aplicación orzamentaria: 44.03.751A.770.2.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2009.

P.D. (Orde 30-4-2009, DOG nº 87)

José Riesgo Boluda
Secretario xeral da Consellería de Economía e Industria

ANEXO

Beneficiarios e importes concedidos

| Beneficiarios | Contía ano 2009 | Contía ano 2010 | Contía ano 2011 | Contía ano 2012 | Contía ano 2013 | Contía ano 2014 | Total |
|---|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|--------|
| José Fuentes Fresco | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | 46.664 |
| María Luisa Domínguez Piñeiro | 10.000 | 4.165 | | | | | 14.165 |
| Carlos Remuñán Couto | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | 46.664 |
| Antonia Iglesias Bereijo | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 4.998 | | 44.998 |
| Mª Elena Santiago Moledo | 10.000 | 10.000 | 10.000 | | | | 30.000 |
| Esther Valcarce Álvarez | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | | | 26.664 |
| Olga Lusquiños Sabor | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 5.831 | | 45.831 |
| Alicia Pardo Gómez | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 833 | 50.833 |
| Dosinda Cambón Pombo | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | | 36.664 |
| Autilia Policastro In Novelle | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 1.666 | 51.666 |
| Mª Pilar Bruzos Pérez | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | 46.664 |
| María Ángeles Souto García | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 2.499 | | 42.499 |
| Elisa Raña Reguera | 10.000 | 10.000 | 7.497 | | | | 27.497 |
| Rosa María López Mene | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | 46.664 |
| María Dolores Cardelle Marcos | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | | 50.000 |
| María Rosario Rodríguez Solleiro | 10.000 | 9.163 | | | | | 19.163 |
| María Estrella Varela Rama | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 3.332 | | 43.332 |
| Mercedes Muñoz Sola | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 7.497 | | | 37.497 |
| María Dolores Ramilo Varela | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 2.499 | | | 32.499 |
| María Dolores Chaves Bravo | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 3.332 | | 43.332 |
| Francisca Froján Fernández | 10.000 | 10.000 | | | | | 20.000 |
| Manuel Antelo Ameijeiras | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | | 50.000 |
| María Gloria Pallas Agrelo | 10.000 | 10.000 | 9.163 | | | | 29.163 |
| María Pilar Montenegro González | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 5.831 | | | 35.831 |
| Julia Díaz Díaz | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 1.666 | 51.666 |
| Dolores Tubío Galván | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 9.163 | | 49.163 |
| Iria Domínguez Bua | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 4.165 | | 44.165 |
| José Lino Magariños Gamallo cónxuxe colaborador | 5.000 | 5.000 | 5.000 | 417 | | | 15.417 |
| Manuel Rodríguez Otero | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | | 50.000 |
| Dolores Castiñeiras Sanmartín | 10.000 | 833 | | | | | 10.833 |
| María Domínguez Cendón | 10.000 | 6.664 | | | | | 16.664 |
| María Olga Cobas Fernández | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | 46.664 |
| José Vilar García | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 4.165 | | | 34.165 |
| Jesusa García Pérez | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 7.497 | | 47.497 |
| Julia Castro Ríos | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 1.666 | 51.666 |
| María Josefa García Esmorís | 10.000 | 4.165 | | | | | 14.165 |
| Josefa García Pedreira | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | | | 26.664 |
| Cesareo Rodríguez Silva | 10.000 | 10.000 | 10.000 | | | | 30.000 |
| Manuela Mercedes González Senra | 10.000 | 10.000 | 833 | | | | 20.833 |
| María Dolores Veiga Sánchez | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 6.664 | | | 36.664 |
| Carmen Recarey Mata | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 10.000 | 5.831 | | 45.831 |